



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DONA ANA MARÍA ARES ÁLVAREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PADRÓN (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que, de acordo aos datos que constan nesta secretaría ao meu cargo, o Pleno deste Concello na sesión Extraordinaria realizada o venres 7 de xullo de 2023 aprobou a seguinte proposta:

<< 6. PROPOSTA DA ALCALDÍA REFERENTE AO NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL NO CONCELLO DE PADRÓN.

2023/G006/000441

O 27/06/2023 don Anxo Rei Arca como Alcalde-Presidente do Concello de Padrón achega a intervención proposta de nomeamento de persoal eventual do Concello de Padrón.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro. O artigo 12.1 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (EBEP), define ao persoal eventual como “o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial”.

Ademais, segundo parece deducirse do establecido no apartado 2 deste mesmo artigo, este persoal só realiza esas funcións con respecto aos órganos de goberno das Administracións Públicas, e non a todos.

No mesmo sentido, o artigo 89 da LRBRL establece que o persoal eventual desempeña postos de confianza ou asesoramento especial, realizando só funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, en virtude de nomeamento –libre- e con carácter non permanente, polo que o seu “cesamento serán libres”.

Segundo. O persoal eventual ten natureza excepcional, debido ao carácter libre do seu nomeamento, debendo cingirse, por tanto, ás funcións estritas de confianza e especial asesoramento.

É dicir, este persoal non está legalmente habilitado para realizar as actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin desempeñar postos de traballo estruturais e permanentes, tal e como vén reiterando a Xurisprudencia.

Terceiro. Corresponde ao Pleno municipal a aprobación do persoal de persoal, e o número e réxime do persoal eventual.

Cuarto. O réxime do Persoal Eventual na Administración Local está regulado no artigo 104 da LRBRL, que establece que o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Entidade, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais.

O nomeamento e cesamento deste persoal eventual é libre e corresponde ao Alcalde/sa ou ao Presidente/a de a Entidade Local correspondente. Cesan automaticamente, en todo caso, cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

O seu nomeamento, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no «Boletín Oficial» da Provincia e, no seu caso, no propio da Entidade.

Quinto. Respecto de o seu número, coa reforma operada na lexislación básica pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, no artigo 104 bis e na disposición transitoria 10.^a da LRBRL, establécese un número máximo de persoal eventual dos concellos, deputacións, consellos ou cabildos, en función da súa poboación, de acordo co seguinte detalle:

1 en municipios de 5.001 a 10.000 habitantes.

Sexto: Tendo en conta a especial vinculación deste tipo de persoal ás directrices emanadas dos órganos de goberno, pola súa propia natureza suxeitas a criterios de conveniencia e oportunidade política, o cal fai conveniente acollerse á figura legal do persoal eventual regulada no art. 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril; Reguladora das Bases do Réxime Local e 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e os art. 29, 30, 31, 32 e 201 da lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.

Esta Alcaldía, no uso das súas competencias, propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: A creación dunha praza de persoal eventual, denominada Asesor da Alcaldía, para que exerza as funcións de confianza e asesoramento nos servizos municipais e fixar as seguintes retribucións brutas a percibir en doce pagas ordinarias máis dúas pagas extraordinarias anuais polo mesmo importe:

PERSONA DESIGNADA	FUNCIÓNS	% DEDICACIÓN DA XORNADA	RETRIBUCIÓN BRUTAS/ANEXO
Ana Isabel Rey Gómez	Xefatura de gabinete da Alcaldía, comunicación e protocolo. Apoio nas relacións institucionais e coordinación interdepartamental. Asesoramento en políticas de igualdade e xestión de fondos europeos.	EXCLUSIVA	26.000,00 €

Segundo: Que a citada praza se incorpore nos documentos da plantilla de persoal aos efectos procedentes durante o presente mandato.

Terceiro: O réxime xurídico do persoal eventual será o establecido no art. 12 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, séndolle aplicable no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira. O cesamento terá lugar automaticamente cando se produza o da autoridade á que se presta a función de confianza ou asesoramento e, en calquera caso, cando expire o mandato da Corporación. A condición de persoal eventual non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.

Cuarto: O/A interesado/a deberá tomar posesión do posto de traballo no prazo dun mes desde a recepción desta notificación.

Quinto: Publíquese este nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, con especificación do réxime de retribucións e dedicación.

Sexto: Dar conta do acordo que adopte o Pleno á Secretaría e Intervención Municipais.>>

E para que conste expido a presente, de orde e co visto e praxe do señor Alcalde, para os efectos da súa constancia no expediente e en cumprimento do establecido no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fago a advertencia de que a acta que a contén non está aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da súa aprobación.

(documento asinado dixitalmente pola Secretaria Ana María Ares Álvarez e o Alcalde Anxo Rei Arca)